



## Concello de Mazaricos

Asunto: Listado PROVISIONAL de admitidos/excluídos no proceso selectivo GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO

### **DECRETO DE ALCALDÍA**

D. Juan J. Blanco Riveiro, Alcalde do Concello de Mazaricos, que ostenta a competencia para a selección do persoal, aproba-las bases para a selección e efectuar a convocatoria da praza de que se trate, conforme ós artigos 21.1.g), 21.1.h) e 102.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Mediante Decreto con data de 4 de xuño de 2026, esta Alcaldía convocou un procedemento público para proceder a selección de UN peón de mantemento de vías para a cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais dentro do programa GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026.

Resultando que de conformidade coa Base 5a que rexe o presente proceso selectivo procedeuse á presentación da correspondente oferta de emprego no SEPE solicitando o envío de candidatos para a participación neste proceso selectivo. Despois do sondaxe realizado por parte da oficina de emprego foron remitidos os CV de 5 candidatos xunto co documento do resultado da selección.

Visto que o Concello contactou con cada un dos candidatos e que todos eles manifestaron ter coñecemento do proceso de selección presentando a súa solicitude de participación – modelo ANEXO I.

Resultando que de conformidade coa Base 7<sup>a</sup> *“Rematado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación, ditará Resolución dentro dos DOUS (2) días hábiles seguintes na que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará na sede electrónica do Concello de Mazaricos. Concederase un prazo de DOUS (2) días hábiles para os efectos de reclamacións ou subsanacións de erros. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas. De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva. No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá ditarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.”*

### **Pola presente, RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar a listaxe PROVISIONAL de persoas admitidas/excluídas no citado proceso selectivo que figura como anexo a esta resolución e darlle publicidade a través da sede electrónica do concello de Mazaricos.



**ANEXO: LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS/EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO**

Listado de solicitudes ADMITIDAS:

- JUAN MANUEL ALVELA GOMEZ
- JORGE GONZALEZ RIOMAYOR
- RAFAEL HERNANDEZ JIMENEZ
- JESUS MANUEL VILAS TRILLO

Listado de solicitudes EXCLUÍDAS:

- JOSÉ FIGUEIRA MARTÍNEZ (Non presenta documentación esixida na convocatoria: documento de autoliquidación de taxas xunto co xustificante bancario)